



QUIROGA TRAIL CHALLENGE

DECLARACIÓN RESPONSABLE

O participante no momento de formalizar a súa inscrición, por calquera dos medios dispostos pola organización, para a proba deportiva denominada QUIROGA TRAIL CHALLENGE, en calquera das súas modalidades, que se celebrará o 7 e 8 de maio de 2022 en Quiroga

DECLARA que leu, entende e está CONFORME co seguinte:

1. Que coñece e comprométese a cumprir integramente as regras que regulan a mesma e que están recollidas no REGULAMENTO oficial da carreira.
2. Que goza de boa saúde xeral e está capacitado para a práctica deportiva, sen padecer enfermidade, defecto físico ou lesión que poida agravarse coa súa participación na mesma. Así mesmo, é consciente de que este tipo de competicións, ao desenvolverse no medio natural, en lugares de difícil acceso, conlevan un risco adicional para os participantes. Por iso, asiste de propia vontade e iniciativa asumindo os riscos e consecuencias derivadas da súa participación.
3. Comprométese a cumprir as normas e protocolos de seguridade establecidos pola Organización, así como a manter un comportamento responsable que non aumente os riscos para a súa integridade física, nin para o resto de participantes e persoal da Organización. Seguirá as instrucións e acatará as decisións que tomen os responsables da Organización en temas de seguridade.
4. Autoriza aos Servizos Médicos da proba, a que lle practiquen calquera cura ou proba diagnóstica que puidese necesitar estando ou non en condicións de solicitala. Eventualmente comprométese a abandonar a proba a requirimento do persoal de organización se este o estima necesario para preservar a súa saúde.
5. Que dispoñerá do material deportivo e de seguridade esixido pola Organización, en boas condicións de uso, e levarao encima durante toda a competición. Igualmente admite que é o único responsable das súas posesións e equipamento deportivo durante o desenvolvemento da proba e as súas actividades colaterais.
6. Comprométese a seguir as pautas xerais de respecto ao medio ambiente e á contorna onde se realizará a competición, a non verter nin abandonar obxectos ou residuos sólidos ou líquidos fóra dos lugares habilitados para a recollida dos mesmos, así como a transitar con precaución por estradas abertas ao tráfico e por zonas medioambientalmente sensibles.
7. Que asume a responsabilidade que implica a súa participación na proba incluído calquera dano que puidese causar, tanto a si mesmo como a terceiros, polo incumprimento do indicado nesta declaración.
8. Que autoriza á Organización da proba ao tratamento dos datos persoais segundo o establecido pola Lei vixente para a xestión e desenvolvemento da competición e ao uso de calquera fotografía, filmación ou gravación obtida para fins xornalísticos ou de promoción do evento na que apareza a súa imaxe.



Q̄IROGA TRAIL CHALLENGE

9. Por outra banda, a crise sanitaria derivada do COVID-19 pode facer necesaria a adopción dunha serie de medidas tendentes a cumprir os protocolos marcados polas autoridades sanitarias. O establecemento e cumprimento das citadas medidas require unha serie de compromisos e formas de actuación por parte, fundamentalmente, de organizadores e participantes. A organización traballará coas autoridades competentes para establecer modelos organizativos que teñan en conta o contexto sanitario. Dependendo da evolución da situación sanitaria ao longo do ano, poderán aplicarse axustes organizativos para cumprir coa normativa vixente, tales como:

- Obrigatoriedade de medidas de prevención e distanciamento en cada lugar de reunión de corredores en carreira e fóra dela.
- Saídas graduadas.
- Adaptación en avituallamentos e outros servizos de carreira.
- Simplificación da entrega de dorsais.
- Limitacións ou control dos fluxos de espectadores nas zonas de público.

A organización activará estas medidas ou non en función da evolución da situación e da normativa vixente na data da carreira. Así mesmo, o/ a participante acepta que se se chegasen a adoptar medidas ou decisións por parte da organización co obxectivo de preservar a saúde das persoas no curso da competición, non se poderán considerar incumpridas as obrigacións esenciais do organizador, polo que non se poderá esixir o pago de cantidades, indemnizacións ou dereitos de participación. No caso de que por dita situación houberse que suspender por completo os eventos, procederíase á devolución das correspondentes inscricións, agás un 10% de cada importe que cubriría os gastos de xestión.

A lectura e aceptación do presente documento é condición indispensable para tomar parte na competición.